

2013  
FESTIVAL  
CARNIVAL

GARDA SEMPRE  
A TÚA  
FACTURA E  
ETIQUETA

## CONSELLOS

### DISFRACES

Rexéitao se non ten **ETIQUETA CE**

**Cordóns, tiras, botóns afastados de PESCOZO, GARA e DOBRAS INFERIORES**

Elixe **MATERIAIS NON INFLAMABLES**  
Afastaos de **ESTUFAS, BENGALAS e FONTES DE CALOR**

Examina a advertencia  
**LIMITACIÓN 0-3**  
Para nenos menores

### MÁSCARAS

Vixía :  
**ABERTURA DOS  
OLLOS e  
ORIFICIOS DE  
RESPIRACIÓN**

### MAQUILLAXE

Próbaos antes no brazo ou  
man

Comproba a etiquetaxe **NON  
TÓXICO e HIPOALERXÉNICO**

## DISFRACES

Os disfraces para nenos teñen a consideración de xoguete polo que teñen que cumprir os requisitos de seguridade que marca a normativa e incluír na súa etiqueta a marca CE, a idade recomendada, as instrucións e advertencias na súa utilización así como o nome e marca do produto, razón social e enderezo do fabricante ou importador.

Os traxes non deben levar cordóns na zona do pescozo nin botóns ou outros compoñentes perigosos que poidan provocar asfixia. Os bebés son especialmente susceptibles a este risco, pero os nenos maiores tamén poderían facerse dano. Tampouco se permiten cordóns, fitas, etc. que colguen por debaixo das dobras inferiores da peza..

É recomendable elixir materiais non inflamables, e atender ás indicacións da etiquetaxe neste aspecto, así como manter os nenos afastados de calquera fonte de calor intensa (estufas, bengalas...). Moitos dos disfraces retirados do mercado cada ano sono por non cumprir as condicións de inflamabilidade.

Os disfraces que non sexan axeitados para nenos menores de tres anos deberán indicalo explicitamente a través dunha advertencia, símbolo de limitación 0-3 cunha indicación concisa na que se explique o risco específico que motiva a exclusión.

## MÁSCARAS

As máscaras son un dos complementos máis perigosos para os nenos. Comprobarase que os buratos para respirar en caretas e máscaras impermeables que cubran totalmente a cabeza sexan o suficientemente amplos, así como as aberturas destinadas aos ollos

## MAQUILLAXE

A pintura para a maquillaxe deberá ser axeitada para a pel do neno, específica para a pel e que non provoque alerxia, irritacións... Para iso as pinturas deben ser non tóxicas e hipoalérxicas, aínda que en todo caso probaremos antes a pintura na man ou o brazo, pintando un anaco pequeno e observando a reacción. Ademais despois hai que quitar a maquillaxe axeitadamente

CONSERVAR  
FACTURA  
E  
ETIQUETA